



ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1367	Xestión de mostras biolóxicas	2023/2024	0	213	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ALBA IRIMIA PALMEIRO, MARTA CASTRO AGRA, IAGO PÉREZ RODRÍGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación****2.1. Primeira parte da proba****2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Analiza a estrutura organizativa do sector sanitario e da súa área de traballo, interpretando a lexislación
RA2 - Identifica a documentación do laboratorio, en relación cos procesos de traballo na fase preanalítica e co control de existencias
RA3 - Identifica os tipos de mostras biolóxicas en relación coas análises ou os estudos que cumpra efectuar
RA4 - Realiza a recollida e a distribución das mostras biolóxicas máis habituais, aplicando protocolos específicos da unidade
RA5 - Realiza a recollida e a distribución das mostras biolóxicas humanas obtidas por procedementos invasivos ou cirúrxicos, aplicando protocolos específicos da unidade
RA6 - Selecciona as técnicas de conservación, almacenaxe, transporte e envío de mostras, seguindo os requisitos da mostra
RA7 - Aplica os protocolos de seguridade e prevención de riscos na manipulación de produtos químicos e biolóxicos, interpretando a normativa

**2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Definíronse os trazos fundamentais do sistema sanitario e sinaláronse as particularidades do sistema público e privado de asistencia
CA1.2 Describiuse a lei de saúde de Galicia
CA1.3 Detalláronse os principios de economía sanitaria
CA1.4 Describíronse os procedementos de xestión da prestación sanitaria
CA1.5 Enumeráronse as funcións máis significativas de cada área do laboratorio
CA1.6 Definiuse a composición dos equipos profesionais



Criterios de avaliación do currículo
CA1.7 Definíronse as funcións das persoas coa titulación de técnico en laboratorio clínico
CA1.8 Definíronse as funcións das persoas coa titulación de técnico en anatomía patolóxica
CA2.1 Definíronse os datos de identificación do/da paciente na documentación sanitaria
CA2.2 Seleccionáronse os métodos de identificación, codificación e etiquetaxe das mostras
CA2.3 Interpretáronse os documentos de solicitude de análise ou estudos en relación co tipo de mostra que cumpra obter
CA2.4 Seleccionouse a información que haxa que transmitir ao/á paciente na recollida de mostras
CA2.5 Identificouse a normativa bioética e de protección de datos
CA2.6 Seleccionáronse os métodos de arquivamento da documentación sanitaria
CA2.8 Controlouse o almacén de subministracións do laboratorio, aplicando as operacións administrativas do control de existencias, e describíronse estas operacións
CA2.9 Definiuse o proceso de rastrexabilidade da documentación
CA3.1 Caracterizáronse os tipos de mostras biolóxicas: líquidas, de tecidos e citolóxicas
CA3.2 Describíronse as características anatómicas da rexión corporal da que se extraía a mostra
CA3.3 Detalláronse as análises cualitativas ou os estudos que poden efectuarse a partir dunha mostra biolóxica
CA3.4 Clasificáronse as análises cuantitativas que poden efectuarse a partir dunha mostra biolóxica
CA3.5 Identificáronse as análises funcionais ou os estudos que poden efectuarse en mostras biolóxicas
CA3.6 Definíronse os factores do/da paciente que inflúen nos resultados analíticos
CA3.7 Identificáronse aspectos relativos ao xénero canto á saúde e a doenza
CA3.8 Identificáronse os erros máis comúns na manipulación preanalítica



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación do currículo
CA4.1 Seleccionáronse os materiais adecuados para a recollida de mostras sanguíneas e non sanguíneas
CA4.2 Aplicáronse as técnicas de obtención das mostras de acordo cun protocolo específico da unidade
CA4.3 Xestionouse a recollida de diferentes tipos de mostras
CA4.4 Realizouse a clasificación e o fraccionamento das mostras para o seu envío aos laboratorios de análise correspondentes
CA4.5 Planificouse o deseño do control de calidade para cada fase da recollida das mostras
CA4.6 Establecéronse os criterios de exclusión e rexeitamento de mostras non aptas para o seu procesamento e a súa análise
CA4.9 Caracterizáronse os conservantes e aditivos necesarios en función da determinación analítica solicitada e do tipo de mostra
CA4.10 Seleccionáronse técnicas de soporte vital básico
CA5.1 Planificouse a recollida das mostras obtidas por procedementos invasivos ou cirúrxicos
CA5.2 Colaborouse na obtención, no procesamento, na preservación e no almacenamento de mostras para biobancos
CA5.3 Aplicáronse os protocolos de obtención de mostras por ecopsia, líquidas, sólidas ou para cultivos microbiolóxicos
CA5.4 Realizouse a clasificación e o fraccionamento das mostras, para o seu envío aos laboratorios de análise correspondentes
CA5.6 Establecéronse os criterios de exclusión e rexeitamento de mostras non aptas para o seu procesamento e a súa análise
CA6.1 Descríbíronse as características de cada mostra canto á súa caducidade e en relación ao tempo máximo de demora na análise
CA6.2 Seleccionáronse e preparáronse as solucións e os reactivos conservantes adecuados para cada mostra
CA6.3 Seguíronse os protocolos de prevención de riscos químicos e biolóxicos, e de control de calidade
CA6.4 Caracterizáronse os métodos físicos de conservación de mostras
CA6.5 Descríbíronse os protocolos do transporte de mostras intrahospitalario



Criterios de avaliación do currículo
CA6.6 Caracterizouse o sistema de transporte e envío extrahospitalario de mostras
CA6.7 Verificouse a etiquetaxe, o rexistro e a identificación da mostra para a súa almacenaxe, o seu transporte ou o seu envío postal
CA7.1 Identificáronse os riscos asociados aos reactivos químicos, radioactivos e biolóxicos
CA7.2 Seguíronse os protocolos de prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos durante a manipulación dos produtos
CA7.3 Identificáronse os requisitos normativos referentes ao tratamento e á eliminación de residuos químicos, radioactivos e biosanitarios xerados no laboratorio
CA7.5 Identificáronse os riscos específicos dos equipamentos de laboratorio
CA7.6 Seleccionáronse as técnicas e os equipamentos de prevención e de protección individual e colectiva
CA7.7 Definiuse o significado e o alcance dos tipos de sinalización de seguridade
CA7.8 Determinouse a aplicación e o rexistro dos protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA7.9 Valorouse a importancia do cumprimento das normas de seguridade física, química e biolóxica

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Identifica a documentación do laboratorio, en relación cos procesos de traballo na fase preanalítica e co control de existencias
RA4 - Realiza a recollida e a distribución das mostras biolóxicas máis habituais, aplicando protocolos específicos da unidade
RA5 - Realiza a recollida e a distribución das mostras biolóxicas humanas obtidas por procedementos invasivos ou cirúrxicos, aplicando protocolos específicos da unidade
RA6 - Selecciona as técnicas de conservación, almacenaxe, transporte e envío de mostras, seguindo os requisitos da mostra
RA7 - Aplica os protocolos de seguridade e prevención de riscos na manipulación de produtos químicos e biolóxicos, interpretando a normativa



### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Interpretáronse os documentos de solicitude de análise ou estudos en relación co tipo de mostra que cumpra obter
CA2.4 Seleccionouse a información que haxa que transmitir ao/á paciente na recollida de mostras
CA2.7 Utilizáronse as aplicacións informáticas do laboratorio ou da unidade
CA4.1 Seleccionáronse os materiais adecuados para a recollida de mostras sanguíneas e non sanguíneas
CA4.2 Aplicáronse as técnicas de obtención das mostras de acordo cun protocolo específico da unidade
CA4.3 Xestionouse a recollida de diferentes tipos de mostras
CA4.7 Desenvolveuse o proceso de recollida de mostras con autonomía, responsabilidade e eficacia
CA4.8 Aplicáronse técnicas de asistencia a usuarios/as, aplicando procedementos e protocolos de comunicación, e describíronse estes
CA4.9 Caracterizáronse os conservantes e aditivos necesarios en función da determinación analítica solicitada e do tipo de mostra
CA5.2 Colaborouse na obtención, no procesamento, na preservación e no almacenamento de mostras para biobancos
CA5.3 Aplicáronse os protocolos de obtención de mostras por ecopsia, líquidas, sólidas ou para cultivos microbiolóxicos
CA5.4 Realizouse a clasificación e o fraccionamento das mostras, para o seu envío aos laboratorios de análise correspondentes
CA5.5 Aplicouse o control de calidade en cada fase da recollida das mostras
CA5.7 Aplicouse o proceso de recollida de mostras con autonomía, responsabilidade e eficacia
CA5.8 Aplicáronse técnicas de asistencia a usuarios/as, aplicando procedementos e protocolos de comunicación, e describíronse estes
CA6.1 Describíronse as características de cada mostra canto á súa caducidade e en relación ao tempo máximo de demora na análise



Criterios de avaliación do currículo
CA6.2 Seleccionáronse e preparáronse as solucións e os reactivos conservantes adecuados para cada mostra
CA6.3 Seguíronse os protocolos de prevención de riscos químicos e biolóxicos, e de control de calidade
CA6.7 Verificouse a etiquetaxe, o rexistro e a identificación da mostra para a súa almacenaxe, o seu transporte ou o seu envío postal
CA7.2 Seguíronse os protocolos de prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos durante a manipulación dos produtos
CA7.4 Organizouse a xestión de residuos con orde, hixiene e método no traballo

### **3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

#### Mínimos esixibles

Consideraranse mínimos esixibles todos os criterios de avaliación agás:

- C.A. 2.7. Utilizáronse as aplicacións informáticas do laboratorio e da unidade.
- C.A. 5.7. Aplicouse o proceso de recollida de mostras con autonomía, responsabilidade e eficacia.

#### Criterios de cualificación:

##### Primeira parte da proba

A primeira parte da proba será a proba teórica que consistirá nun test de resposta múltiple, con 4 posibles respostas e sómente unha correcta, descontando unha resposta correcta. por cada 2 respostas incorrectas. Deberase acadar un 5 sobre 10 para poder realizar a proba práctica.

##### Segunda parte da proba

A segunda parte da proba farase sómente para aqueles aspirantes que superen a primeira parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Poderá constar da identificación de imaxes e/ou realización de un ou varios supostos prácticos, relacionados cunha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte, que según a situación epidemiolóxica poderá facerse de xeito telemático ou presencial.. Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o/a alumno/a deberá acadar o 50% da proba correctamente realizada.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional, será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, no caso de resultar decimais.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

No caso do alumnado que suspenda a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignárselle será de 4.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará ao alumnado excluído desta parte da proba do módulo cun cero.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Instrumento de avaliación:

Proba con cuestións tipo test e/ou cuestións de resposta curta. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A cualificación será de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Características da proba:

Consistirá nun exame dos contidos teóricos que constará de preguntas curtas e/ou tipo test (poderán ser de resposta única ou de resposta múltiple). Nas preguntas de resposta múltiple deberán marcarse tódalas opcións para considerarse correcta.

A puntuación que se lle otorgará a cada unha das preguntas, así como os descontos que se lles aplicarán ás incorrectas, comunicaranse no exame o día da realización da proba.

As preguntas non respostadas e as preguntas curtas non puntuarán negativamente.

A duración da proba teórica será dun máximo de 2 h ou axustarase ós parámetros de tempo recomendados pola plataforma.

Material necesario na proba:

Dependerá do xeito da realización, se é presencial no centro, será necesario o uso de bolígrafo de tinta permanente de cor azul ou negro.

Non se pode usar corrector. Para calquera rectificación que o alumnado desexa facer, riscará a resposta que queira corrixir, coa tinta do mesmo bolígrafo que empregue para contestar a proba.

Se fose telemático terá que dispoñer dun dispositivo co acceso telemático á plataforma onde desenvolverase a proba.

Non se permitirá o uso de móbiles nin ningún outro dispositivo electrónico (incluído reloxos intelixentes) que poidan interferir co funcionamento das probas, se fose presencial.



Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa. O incumprimento destas normas serán motivo da expulsión do exame.

#### 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos e/ou identificación e interpretación de imaxes que versarán sobre unha mostra, suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A cualificación será de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 nesta segunda parte.

A duración da proba práctica será dun máximo 2 h ou a que requira a proba de ser telemática.

Material necesario na proba dependerá das condicións de realización pola situación epidemiolóxica da covid 19:

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo de tinta permanente de cor azul ou negro.

Non se pode usar corrector. Para calquera rectificación que o alumnado desexe facer, riscará a resposta que queira corraxir, coa tinta do mesmo bolígrafo que empregue para contestar a proba.

Ou deberá dispoñer dun dispositivo que lle permita o acceso a rede e á aplicación onde estará disposta a proba telemática.

Non se permitirá o uso de móbiles nin ningún outro dispositivo electrónico ( incluído reloxos intelixentes) que poidan interferir co funcionamento das probas no caso de ser presencial.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa. O incumprimento destas normas serán motivo da expulsión do exame.